

DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECAS

- **Actividades incluídas no Programa de Dinamización de Bibliotecas Públicas Galegas “Ler conta Moito”**

- **GRAN XOGO SOBRE AS LETRAS GALEGAS**



Este xogo, ademais de divertido, serve para que os/as participantes aprendan algúns datos importantes sobre a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024, Luisa Villalta, e sobre outras curiosidades relacionadas con esta data. Por exemplo: por que o Día das Letras Galegas se celebra o 17 de Maio?, ou: cales son as obras máis destacables de Paco del Riego? O xogo desenvolverase por equipos que deberán superar diversas probas, como crear un poema, deletrear vocablos, ou definir de palabras “complicadas” segundo as tiradas que fagan cun dado xigante. Ao final do xogo, cada participante recibirá un simpático premio simbólico.

Dirixido a: Rapaces e rapazas de entre 4 e 16 anos.

Duración: 90 minutos.

Prezo: 290 €

- **CONTACONTOS DADA A TRASNA**



Unha divertida sesión de contatontos dirixida a un público infantil, que busca fomentar o hábito lector. Unha trasna chamada “Dada” fará as delicias dos nenos e nenas asistentes narrándolles contos divertidos e amenos adaptados á súa idade.

Dirixido a: Público familiar.

Duración: 50 minutos.

Prezo: 195 €

- **CONTACONTOS SENSORIAL**



Sesión de contacontos destinada a bebés, e a adultos acompañantes, con ganas de compartir unha experiencia feliz, da man das palabras, as emocións que acompañan as palabras, as cancións, a lectura, os libros,... Todo acompañado de obxectos manipulables para chamar a atención deste público inquieto, e á vez, ávido de experimentar, de gozar, xunto aos seus seres queridos

Dirixido a: Bebés (0 a 3 anos)

Nenos e nenas de entre 3 e 6 anos

Duración: 30 minutos.

Prezo: 195 €

➤ BIBLIOCANTA

BiblioCanta é unha fórmula marabillosa para que os nenos e nenas se acheguen ao cancionero tradicional galego á vez que saborean e gozan das cancións propostas, permitindo recuperar e que non caian no esquecemento estes ditos, recitados e cancións transformándose de novo nun xeito de lecer e de expresión.

Dirixido a: Nenos e nenas de entre 0 e 12 anos

Duración: 50 minutos.

Prezo: 280 €



➤ AS COUSAS PEQUENAS CONTAN



“Iso é un lucecús?” “Non, é unha lanterna”. “E aquilo, é un caracol?” “Non, é un metro”. Os obxectos que se atopa no fogar poden converterse, grazas ao poder da imaxinación, en personaxes fantásticos que vivirán fabulosas aventuras que os propios nenos e nenas crearán. Porque as cousas máis pequenas que hai ao noso redor tamén contan historias.

Dirixido a: Rapaces e rapazas de entre 6 e 12 anos

Duración: 90 minutos.

Prezo: 240 €



➤ FOTO CONTO

Crearemos un conto no que nós seremos os protagonistas e onde pasará o que nos queiramos que pase. Realizaranse unha morea de fotos de tódolos nenos e nenas asistentes para poder tratalas e que pasen a estar dentro do conto. Rematará a actividade realizando unha proxección do “fotoconto” ante os rapaces e rapazas que participaron no obradoiro.

Dirixido a: Rapaces e rapazas a partir dos 4 anos.

Duración: 90 minutos.

Prezo: 290 €

- **Actividades de Igualdade incluídas no Programa de Dinamización de Bibliotecas Públicas Galegas “Ler conta Moito”**

➤ **CON CIENCIA DE MULLER**



Ven divertirte cos nosos experimentos e descubre algunhas das grandes científicas galegas que contribuíron ao progreso da humanidade. Ángeles Alvariño, Ramona Vaamonde ou Begoña Vila Costa, son só algunhas das moitas científicas galegas que destacan ou destacaron polos logros acadados nos seus respectivos campos de investigación.

Dirixido a: Rapaces e rapazas a partir dos 5 anos.

Duración: 90 minutos.

Prezo: 280 €

➤ **CONTAMOS EN IGUALDADE**

Os rapaces e rapazas disfrutarán dunha divertida sesión chea de contos. Esta sesión de contacontos fará as delicias do público infantil sesión de contos coa temática da igualdade e a convivencia. Durante a hora que dura o repertorio de contos farase reflexionar aos máis pequenos sobre a igualdade, as diferenzas entre homes e mulleres, a integración, a cooperación, a coresponsabilidade, ... todo dun modo moi lúdico e divertido.

Dirixido a: Nenos e nenas a partir 3 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 195 €



➤ **CONTO XOGO**



A través do xogo é facilmente vivenciable que non hai xogos de nenas nin de nenos, ao igual que non hai contos de ningún xénero. Grazas a estes dous elementos quedará claro que o importante é disfrutar, ler e xogar.

Dirixido a: Nenos e nenas a partir 4 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 220 €

- **Outras actividades de Dinamización de Bibliotecas**

- **OS CAZATESOUROS DA REDE**

Atrévete a internarte no mundo dixital e consegue atopar todas as pistas do mapa que te levarán a atopar o tesouro.

Este divertido xogo de pistas promove a aprendizaxe a través de internet dunha forma lúdica e segura.

Dirixido a: rapaces e rapazas a partir dos 6 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 240 €



- **A ARTE DE EMOCIONARTE**



Que os nenos aprendan a poñer nome as súas emocións é unha das bases dunha boa intelixencia emocional. A través dos contos podemos identificalas, adestralas, converténdoo así en adultos máis felices e preparados para afrontar as moitas situacións na súa vida.

Dirixido a: Nenos e nenas a partir 5 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 270 €

- **CONTACONTOS "CONTOS DE CORES"**

Os máis pequenos disfrutarán moísimos desta sesión de contos xa que está apoiada nas novas tecnoloxías. A idea é introducir aos máis pequenos o amor cara os libros utilizando a vistosidade e coloridos que poden ofrecer as súas ilustracións.

Dirixido a: Nenos e nenas a partir 2 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 230 €



➤ OBRADOIRO DE MARIONETAS DE DEDOS:



Os nenos e nenas crearán personaxes coa que poderán xogar entre eles ou individualmente. Darán renda solta á súa imaxinación durante a súa decoración, elaborando a súa indumentaria e inventando un nome para el/a.

Dirixido a: Nenos e nenas a partir 5 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 280 €

➤ OBRADOIRO DE AVISOS PARA PORTAS:

Cada rapaza ou rapaz realizarán seguindo os seus gustos o seus aviso para a porta : NON MOLESTAR, ESTOU LENDO utilizando diferentes cores e deseños.

Dirixido a: Nenos e nenas a partir 4 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 250 €



➤ IMÁN FRIGORÍFICO LIBRO:

Os/As monitores/as guiarán aos nenos e nenas asistentes para que poidan realizar o seu propio imán para o frigorífico con mensaxes motivantes: Eu leo porque me peta , A mín gústame ler, Pon un libro na túa vida,.... **Dirixido a:** Nenos e nenas a partir 2 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 230 €

➤ PUNTOS DE LIBRO:

Os/As nenos/as poderán realizar fabulosos e orixinais puntos de libro que utilizar durante as súas lecturas.

Dirixido a: Nenos e nenas a partir 2 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 230 €



➤ TEATRALIZANDO



Mediante técnicas básicas de dramatización, adentrarémonos no interior dun conto e facernos protagonistas do mesmo. Os obxectivos buscados son a mellora da autoestima, da capacidade de concentración, achegando aos nenos e nenas ao maravilhoso mundo dos contos,... e sobre todo, pasar un rato divertido.

Dirixido a: rapaces e rapazas a partir de 3 anos.

Duración: 60 minutos.

Prezo: 250 €

➤ EX LIBRIS



Tódalas persoas asistentes poderán crear o seu propio ex-libris para marcar os seus libros dunha forma orixinal.

Dirixido a: Rapaces e rapazas a partir de 4 anos

Duración: 90 minutos.

Prezo: 230 €


➤ A CREAR!!

Grazas ao poder da imaxinación chegaremos a crear personaxes fantásticos, que vivirán fabulosas aventuras, en lugares xamais visitados, neste obradoiro de escritura creativa seguindo diferentes técnicas en cada sesión. Esta actividade está orientada a fomentar o hábito lector e a desenvolver a nosa faceta máis creativa, fomentando a creatividade e o talento literario a través dunha participación activa.

Dirixido a: Rapaces e rapazas a partir de 6 anos

Duración: 90 minutos.

Prezo: 250 €



➤ DIVERTIDOS MARCAPÁXINAS



O público miúdo gozará creando un ou varios marcapáxinas utilizando distintas técnicas e materiais, para logo poder utilizar cando lean os seus libros na casa.

Dirixido a: Rapaces e rapazas a partir de 3 anos

Duración: 90 minutos.

Prezo: 220 €

➤ ESCAPE ROOM

Pasar un rato agradable na biblioteca á vez que poñemos en funcionamento todo o noso inxenio para poder descifrar os enigmas que se nos plantexan ao longo deste divertidísimo xogo.

Dirixido a: Público a partir dos 12 anos

Duración: 4 horas. Divididos en grupos de 6 persoas por hora.

Prezo: 450 €



• OUTRAS ACTIVIDADES

➤ CHAPAS




As máis vistosas chapas saíran da imaxinación dos nenos e nenas que participen neste obradoiro. Os nenos e nenas participantes deseñarán e montarán as súas propias chapas.

Prezo: 290€

➤ PAPAVENTOS

Os nenos e nenas participantes elaborarán os seus propios papaventos, un divertido xoguete sinxelo e moi vistoso.

Prezo: 240 €



➤ OBRADOIRO DE MAQUILLAXE



As monitoras caracterizarán aos nenos e nenas asistentes segundo o personaxe que eles/as escollan. Tamén existe a posibilidade de crear unha maquillaxe temática para un evento concreto.

Prezo: 250 €

➤ XOGOS TRADICIONAIS

Os/as rapaces/as descubrirán nestes postos xogos transmitidos de xeración en xeración, de nais a fillas, de avós a netos, que implican nesta transmisión unha interrelación entre adultos/as e nenos/as dun grande valor educativo, que se está a perder pouco a pouco, e que consideramos positivo incentivar.



Prezo: 280€

➤ XOGOS CON PARACAIDAS



Coa axuda deste elemento tan vistoso pasaremos un bo rato facendo ondas, xogando ó gato e ó rato, xogando a encestar,... e moitos máis xogos cooperativos.

Prezo: 250€

➤ XOGOS DE COOPERACIÓN

Por equipos ou individualmente, os nenos e nenas participantes poderán dar renda solta á súa imaxinación con estas de construción de madeira. Unha forma lúdica de estimular a creatividade, a concentración e a motricidade fina.



Prezo: 250€

➤ OBRADOIRO BOLICHE



Cada neno/a elaborará a partir de materiais de refugallo o seu propio boliche, un divertido xoguete que axuda a traballar o equilibrio e a concentración. **Prezo:280€**

➤ SAQUIÑO DE OLORES

Cada rapaz realizará un saquiño con seus olores favoritos: rosa, menta, canela, lavanda,... despois de facer un percorrido sensorial por todos eles, coñecendo mellor as prantas das que proveñen e as súas propiedades. **Prezo:320€**



➤ O GRAN XOGO DA RECICLAXE

Descrición: Este é un xogo a través dun taboleiro xigante que pretende deixar claro como debemos reciclar á vez que se tratan temas como reducir residuos, aminorar o gasto enerxético nos nosos fogares e a importancia da biodiversidade. O xogo realizarase por equipos que deberán superar probas, contestar correctamente a preguntas, demostrar que saben reciclar,...

Duración: 90 minutos

Prezo: 320 €

➤ BAÑO DE BOSQUE

Experimentaremos cos nosos propios corpos esta técnica de orixe xaponés que permite adentrarse na natureza e golaza cos cinco sentidos, beneficiándonos de todas as súas propiedades beneficiosas para o ser humano.



Prezo: 320 €

OS PREZOS DESTE ORZAMENTO INCLUEN O IVE DO 21%. PARA CALQUERA OUTRA INFORMACION, NON DUBIDE EN POÑERSE EN CONTACTO CON NOS.